

GONDOMAR

A N U N C I O

O abeiro do art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, faise público o

REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AGUA

I. OBXECTO E NORMAS XERAIS

1. O presente regulamento ten por obxecto establecer las normas de prestación do servicio de suministro de auga potable no Concello de Gondomar e as suas características e regula-las relacións entre a empresa concesionaria e os usuarios.

2. A efectos de simplificación denomínase "abonado" ó usuario que tena contratado o servicio de augas. Este deberá ser titular do dereito de uso da finca, local ou industria ó formaliza-lo contrato de suministro.

3. Toda persoa física que, no seu propio nome ou en representación de terceiros, desexe formular algúha reclamación en relación co servicio ou co seu persoal, poderá facelo mediante escrito dirixido ó concesionario. Contra as resolucións da empresa, poderá formular o reclamante recurso ordinario ante o Concello ou calquer outro que poida ser de aplicación.

4. As reclamacións que se formulen por danos e perxuidos que se causen polo concesionario rexeránse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extracontractual. As reclamacións faránse dentro dos dez días despois de producirse os danos.

5. O persoal do concesionario irá provisto dun documento expedido por él no que consten os datos de identificación precisa e da sua condición profesional na empresa.

II.— SUMINISTRO DE AGUA E POLIZA DE ABONO

6. O suministro de auga será autorizado polo Concello e prestado polo concesionario con suxección a este Regulamento, ó contrato da concesión e demás disposicións legais aplicables.

7. Se denomina poliza de abono ó contrato suscrito entre o concesionario e o abonado que inclue os términos e condicións pactados para o suministro de auga. O mesmo extenderase en triplicado exemplar, un dos cales quedará en poder do abonado, outro do concesionario e outro do Concello. O contrato producirá efectos económicos dentro do trimestre e coa facturación correspondente ó mes completo en que se inicie o distrute do servicio, prorrataéndose, no seu caso, o recibo trimestral. No caso de contadores colectivos, cada unha das vivendas ou locais suministradas a través dese contador aboarán a cuota de co-

nexion especificada na ordenanza correspondente. Cando o abonado desexe causar baixa no suministro estará obrigado a interesar da empresa dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura do contador, precintado do mesmo e facturación do importe correspondente ós recibos pendentes e ó do mes completo en que solicita a baixa.

8. Para a petición do suministro no caso dunha vivenda nova, o usuario presentará licencia de primeira ocupación e o boletín de instalación de fontanería da Delegación de Industria. No caso dunha obra, o peticionario presentará a licencia para a mesma, realizándose un contrato de auga en obra co titular da licencia que deberá comunicalo remate da obra ó concesionario quedando sen efecto automáticamente esta conexión. En ningún caso utilizarase para vivendas e locais o auga suministrada para unha obra. No caso dunha industria ou comercio o usuario presentará a licencia municipal de apertura e recibo do Imposto de Actividades Económicas. No caso de que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, ésta deberá suscribir unha poliza de abono xeral a través do seu representante legal, debidamente acreditado.

O contratante do suministro será o titular ou titulares da finca, local ou industria a abastecer ou quen o represente legalmente, agás as excepcións que se detaian neste regulamento. O contratante poderá se-lo inquilino, con autorización bastante do propietario. Non se suscribirá contrato de suministro a aquel usuario con recibos pendentes de pago, sexa cal fora a ubicación do novo suministro solicitado.

10. O traslado de domicilio e ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato esixe novo contrato ou, no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos do presente regulamento. Ambolosdous deberán comunicar ó concesionario, fehacemente, dentro do prazo dun mes, o cambio realizado, co fin de proceder a subrogar ó novo propietario no contrato de suministro. Caso contrario, o novo propietario se entenderá inexcusablemente subrogado das responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumplimentos do contrato e resarcimento de danos.

11. Queda expresamente prohibida a utilización dunha conexión por outra finca ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, ainda que pertenezan ó mesmo dono. No caso de segregacións, divisiones ou acumulacións, ainda que non se rexistraran oficialmente, deberán comunicarse estas circunstancias ó concesionario para a modificación das condicións da acometida e, se é o caso, da poliza do servizio.

12. As extensións das redes de abastecemento para edificacións novas ou antigas que non a posuan serán a cargo do abonado e pasarán á rede municipal.

13. As instalacións das redes de abastecemento propias de urbanizacións ou polígonos, novas ruas, obras de infraestructura viaria ou de servicios, serán executadas a cargo do promotor, con suxección ó correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello e previo informe favorable do concesionario. O concesionario poderá esixir tanto no intre das obras como na sua recepción ou posta en servizo, as probas ou ensaios que estime convintes para garantí-la idoneidade da execución e o cumprimento das condicións de calidade que afecten os materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

III. CONEXIONS PROVISIONAIS

14. Excepcionalmente e con carácter discrecional o Concello poderá autoriza-la conexión con carácter provisional ou temporal, por tempo non superior a un ano e cando non sexa posible a conexión permanente. Estas autorizacións se outorgarán en precaseiro, previa avaliación da imposibilidade de regularizalas e da excepcionalidade das circunstancias correntes. Os importes aboados serán os fixados para as conexións permanentes e aplicaránse, no seu caso, ás definitivas, debendo o abonado aboar as diferencias que, no seu caso, se produxeran por mor do transcurso do tempo e sen que exista un dereito á devolución caso de non realizarse a conexión definitiva.

IV.— SUSPENSION DO SERVICIO

15. O concesionario poderá suspender o servicio de abastecemento a un abonado nos seguintes casos:

- A) Se non satisface puntualmente o importe dos servicios conforme ó estipulado na ordenanza fiscal, ou por falta de aboamento das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude o en caso probado de reincidencia no mesmo.
- B) Cando o abonado empregue o auga para fins distintos dos contratados.
- C) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na sua instalación para suministro de auga a outros locais ou vivendas diferentes da consignada na sua póliza de servizo.
- D) Cando o abonado non permita a entrada no local que afecta a póliza do servizo en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado polo concesionario e provisto da sua correspondente acreditación trate de revisa-las instalacións no caso de dúvida sobre a sua correcta utilización, sendo

preciso, en tal caso, que se faga constar a negativa ante testigos, ou en presencia dalgún axente da autoridade.

- E) Por negligencia do abonado respecto á reparación de averías nas suas instalacións, que podan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.
- F) Cando o abonado utilice o auga para rego de hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual, cando por causas excepcionais o Concello prohiba os consumos para esos usos e así o dispona mediante os acordos ou resolucións oportunos.

16. O concesionario deberá facer ó abonado un requerimento previo á suspensión do suministro dándolle un prazo de alomenos dez días para subsanala situación. Os gastos orixinados polo restablecemento serán pola conta do abonado, que non recuperará o servizo ata que proceda o seu pagamento.

V. CONDICIONS DE USO

17. O Concello poderá establecer as condicións e prioridades no uso do auga potable no suposto de razóns de interese público e de acordo co concesionario. O concesionario poderá establecer estas medidas por razóns de urxencia, en caso de accidente, catástrofe ou similar, informando de inmediato ó Concello que deberá decidir sobre o mantenemento das mesinas.

18. A prestación do servizo clasificárase de acordo co especificado na correspondente ordenanza polos tipos de tarifas, no seu caso, pero como nonna xeral será:

- A) Usos domésticos: Aplicable exclusivamente a locais adicados a vivenda, sempre que nestes non se leve a cabo actividades industriais, comerciais, profesionais ou de servicios de calquier tipo.
- B) Usos comerciais ou industriais: Aplicable a todos los locais e establecementos nos que se desenvolva unha actividade industrial, comercial, profesional ou de servicios, sexa ou non lucrativa, así como centros de enseñanza, deportivos, clubes sociales e recreativos, garaxes e, en xeral, todos aqueles non adicados a vivenda.
- C) Usos inúncipais: Aqueles que corresponden ós edificios e instalacións municipais.
- D) Uso para obras: Aqueles nos que o auga utilizase na construción.
- E) Usos especiais: Os non incluídos nas modalidades anteriores.

19. Cando nunha mesma finca, xunto a auga suministrada polo servizo municipal existira auga de outra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer nas instalacións interiores medios axeitados para evita-la entrada desas augas na rede xeral non sendo nin o concesionario nin o Concello responsable

da alteración que poida producirse nas condicións de potabilidade das augas da traída pública por mor daquela causa.

20. A empresa concesionaria garantirá unha presión mínima de acordo coa altura que determina a ubicación do depósito xeral de Gondomar. Os abonados que prevean utilizar-a auga para alimentar aparatoss ou instalacións que poidan verse dañados como consecuencia dunha interrupción ou diminución da presión no suministro, deberán dispor de depósitos de reserva con capacidade dabondo e adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garanti-la continuidade do servicio. Igualmente, as industrias nas que o auga represente un elemento indispensable no proceso de producción ou conservación de produtos deberán dispor de depósitos de reserva de forma que quede asegurado o seu autoabastecemento mínimo durante, alomenos, 24 horas. O prestador do servicio quedará exonerado de responsabilidade civil nestes casos nos que, polas suas características especiais deberán proverse de medios de reserva.

21. En tódolos edificios que por albergar un alto número de usuarios, a presión da rede no punto de acometida poida non ser dabondo para o correcto abastecemento, estarán obrigados a instalar un grupo elevador ou depósito que garantan o abastecemento regular a tódalas vivendas ou locais da finca.

22. Se aconsella que estes edificios contén cun depósito de reserva, con capacidade para alomenos 24 horas de consumo normal, que deberán limparse periódicamente e que estará obligatoriamente provistos dun rexistro de entrada, desague e tubo de ventilación. Estes depósitos conectaránse obligatoriamente ó tramo de acometida interior, é dicir, con posterioridade ó emprazamento do contador.

23. Enténdese por instalación interior do abastecemento a comprendida a partir da chave de roxistro de acometida. O/s propietario/s dun edificio será/n responsable/s das averías que se produzcan na instalación interior.

24. O/s propietario/s realizarán ó seu cargo, dentro do prazo máximo de cinco días naturais, a reparación das averías que se presenten a partir da chave de rexistro. O concesionario poderá proceder ó corte do suministro ata que se efectue a reparación e poderá inspeccionala con posterioridade á mesma, antes de reanuda-lo servicio.

25. Se ó xuicio do concesionario, previo informe de técnico competente, se determinara que existe perigo grave para a seguridade das persoas polo mal estado das instalacións ou amenaza de danos graves, o concesionario poderá suspender o suministro de forma inmediata ponéndolo en coñecemento do interesado e do Concello. Nese caso, como naqueloutros nos que exista necesidade de acomete-la reparación con urxencia, o concesionario poderá repercutir ó abonado os gastos nos que se incorrixa, debidamente xustificados.

26. Para a execución de obras de urbanización e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o concesionario autorizará, a petición da entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra en cuestión, o uso da auga procedente das bocas de rego ou hidrantes.

27. Cando o solicitante sexa o contratista da obra, deberá constituir previamente ante o concesionario un depósito equivalente ó doble do valor de reposición da boca de rego ou hidrante para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas. O depósito devolveráse o contratista unha vez rematado o prazo de utilización do suministro, se non se houberan producido danos.

28. O consumo de auga ó que se refire o artigo anterior será abonado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que o concesionario instalara ó efecto.

VI. SISTEMAS CONTRA INCENDIOS

29. A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contra incendios esixirá a sinatura dun contrato específico entre o concesionario e o abonado que terá a mesma tramitación e carácter que os de suministro ordinario.

30. Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas por persoal do concesionario entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto. De non ter sido utilizadas para extinguir un incendio o abonado debe polo en coñecemento do concesionario a fin de que se reponan os precintos correspondentes e evitar posibles responsabilidades derivadas.

31. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na finca na que se instala e non poderá ser conectada derivación algúnhia para outros usos.

32. Nas instalacións contra incendios non se instalará contador nin haberá cargo algún derivado do maior ou menor consumo de auga. De ser necesaria a utilización das bocas de incendio facturaránse exclusivamente polo concepto de disponibilidade do servizo e pola tarifa mínima industrial vixente en cada momento.

VII. ACOMETIDAS

33. Toda persoa que deseñe acometida do abastecemento de auga potable fará unha solicitude na oficina do concesionario que fará un informe das condicións necesarias para a conexión, así como un presupuesto, segundo a tarifa vixente, do custe da acometida, que satisfará o solicitante antes de dar comienzo ás obras.

34. A determinación das características das novas acometidas ou da ampliación do servizo nun inmoble, a sua instalación, conservación e manexo, serán sempre competencia exclusiva do concesionario que

realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo do peticionario según os precios aprobados polo Concello.

35. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga deberá presentarse independientemente para cada finca que legal ou fisicamente constitua unha unidade de edificación, debendo cada unha cumplir por separado as condicións previstas neste regulamento. Consideraránse unidades independentes os edificios dun so portal o cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construcción teña mais dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que se lle soliciten, mais dunha acometida.

36. Normalmente existirá unha acometida para dar servicio a unha obra, edificio, portal ou inmoble. Pero se un inquilino ou arrendatario de parte do inmoble desexara un suministro especial ou independente existindo causa xustificada, a xuicio do concesionario, poderá contrata-la instalación dunha derivación ou acometida, independentemente da existente con anterioridade para todo o inmoble.

37. En ningún caso está facultado o promotor ou executor dunha urbanización para realiza-las acometidas do abastecemento nos posibles edificios, solares ou parcelas da mesma, que é competencia exclusiva do concesionario.

38. Unha vez rematadas as instalacións serán verificadas polo concesionario e se as atopara conformes informará ó Concello no que lle afecte para a recepción das mesmas, servidumes e usos da urbanización que pasen a dominio público, assumindo a xestión e mantemento do servicio unha vez que lle sexa ordenado polo Concello.

39. Poderá denega-la solicitude de acometida nos casos seguintes:

- A) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.
- B) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire ós requisitos previos á conexión ás redes públicas.
- C) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discurrir pola propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no rexistro da propiedade ou no se merque a franxa de tenrelo atectada.
- D) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servicio e non se instalaran, a cargo do abonado, o grupo de elevación e alxibe correspondentes. Neste caso, o concesionario poderá, se o abonado o acepta expresamente, contrata-lo servicio sen responsabilizarse das deficiencias producidas pola falta de presión.
- E) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto

servicio e non se instalaran, a cargo do abonado, as medidas de reducción de presión axeitadas.

40. A conservación de acometidas, así como a sua substitución, no caso de deterioro non imputable ó abonado correrá pola conta do concesionario que non poderá repercutir este custe ós usuarios. A substitución ou reparación de acometidas por razóns diferentes ás do seu normal uso serán sufragadas polo mesmo de acordo cos prezos vixentes en cada momento.

VIII. CONTADORES

41. A colocación e instalación de contadores a realizará o concesionario en todo caso, debendo o abonado paga-los importes vixentes en cada momento por este concepto.

42. A conservación de contadores, así como a sua substitución, no caso de deterioro non imputable ó abonado correrá pola conta do concesionario que non podrá repercutir este custe ós usuarios. A substitución ou reparación de contadores por razóns diferentes ás do seu normal uso serán sufragadas polo mesmo de acordo cos prezos vixentes en cada momento.

43. Toda vivenda unifamiliar ou local comercial (con independencia da actividade que no mesmo se desenvolva) disporá dun contador individual.

44. Cando no mesmo edificio exista mais de un usuario, cada un deberá dispor dun contador independente. No caso de comunidade de propietarios con contador xeral, o mínimo de abono obligatorio e cuotas de mantenemento, será o que corresponda á suma de tantos mínimos e cuotas como número de vivendas ou locais constituan a coinuidade, incluídos os suministros a servicios propios da mesma. A Comunidade será a responsable do pago do recibo correspondente. O contador, que estará verificado pola Delegación de Industria, será propiedade do abonado e será colocado polo concesionario no seu emprazamento definitivo.

45. Os suministros existentes sen contador se lles dará sete días para instala-lo aparato, durante o cal facturarase o estimado polo Servicio en función das características do suministro e alomenos, o doble do mínimo marcado pola ordenanza en cada tipo de suministro. Pasado o devandito prazo se procederá ó expediente de corte do suministro no caso de que sexa abonado ou ó corte directo, se é un consumidor clandestino.

46. Nos casos en que nun mesmo edificio existan distintos usos (doméstico, hostelero, industrial... etc.), instalaránse contadores independentes para cada un deles, pero se debido a exisencias técnicas, somentes se pode instalar un, o consumo total se tarifará de acordo á tarifa mais alta.

47. Os contadores colocaránse nun lugar axeitado, de libre acceso, na planta baixa, preto da chave de paso instalada fronte á finca que se trate e sempre no exterior da vivenda. No caso de vivendas colectivas situáranse nun compartimento ou caixa, mediante o sistema denominado en batería ou similar, de tal xeito que o empleado lector do servicio poida libremente anota-las indicacións de tódolos contadores nun só acto.

48. O abonado deberá facilita-lo acceso ó contador ó persoal do concesionario debidamente acreditado. A lectura de contadores realizarase entre as nove e as vinte horas.

49. No caso de que un abonado estime que o volume de auga consumido na sua instalación non se corresponde ó rexistrado polo seu contador, poderá solicita-la sua revisión ó concesionario. As tolerancias para a verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía u Organismo equivalente. No caso de verificación de funcionamento incorrecto, solicitada polo abonado, o concesionario procederá a rehace-las liquidacións por consumo de auga, correxidas nos porcentaxes de desviación detectados, correspondentes ós tres meses anteriores ó momento da petición de verificación polo abonado.

50. O abonado poderá instalar pola sua conta e para a sua propia administración cantos contadores divisionarios de consumo estime convientes.

51. O concesionario se guiará para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparatos de medida do servicio, non estando na obriga de considera-las reclamacións que se apoien en lecturas de contadores non instalados polo concesionario.

52. E obligatorio o precintado de todo aparato de medida, precinto que garante que o seu sistema está aprobado, que o seu funcionamento no intre da instalación é correcto e que o seu mecanismo non sufríu modificación externa que poidera altera-lo seu normal funcionamento. O abonado non pode manipular o aparato de medida e a sua instalación, retirada e precintado será realizada sempre polo concesionario.

53. No caso de rescisión do contrato ou de contadores colocados por persoal distinto ó do servicio, éste procederá á sua retirada, podendo o abonado recollelo nas oficinas do servicio dentro dos tres meses seguintes.

IX. FACTURACION, COBRO E INFORMACION

54. A lectura dos contadores e a facturación dos consumos farase trimestralmente. Cando por circunstancias alleas ó concesionario, non fose posible a lectura do contador do abonado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da sua visita, depositando no buzón de correos do abonado ou similar unha tarxeta na que se reflexará esta circunstancia e na que o abonado poderá reflexa-la lectura efectuada por él mesmo. O abonado deberá devolve-lo im-

preso de lectura cumplimentado antes dos dez días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario con posterioridade a ese prazo poderán considerarse nulos, realizándose a facturación como se o consumo fora cero nese período, sen que de lugar a descontos polos mínimos en facturacións posteriores.

55. Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado se concretará pola diferencia entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación.

56. Cando non sexa posible coñece-los consumos realmente realizados, como consecuencia de avería no equipo de medida, a facturación do consumo se efectuará con arreglo ó consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época que no ano anterior; de non existir referencia, se liquidarán as facturacións con arreglo á media aritmética dos seis meses anteriores. Naqueles casos nos que se careza de datos históricos, facturarase o mínimo.

57. E obriga do abonado a conservación en bo estado do aparato de medida e do recinto no que se atope, así como do acceso ó mesmo.

58. O abonado poderá facer efectivos os importes facturados nas oficinas do concesionario, nas caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos u oficinas autorizadas polo concesionario.

59. O abono dos recibos periódicos efectuaráse preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, con oficina aberta no término municipal.

60. No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ó abonado, será pola sua conta a totalidade dos gastos que se produzan co gallo dessa devolución, incluida a liquidación dos correspondentes intereses de demora. Duas devolucións consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

61. Para os casos de morosidade no abono dos recibos, o Concello autorizará a xestión do corte do suministro correndo por cargo do abonado os gastos derivados de dita xestión se se realizará o pago antes de realizarse o corte así como os de reposición do suministro no caso de que o corte se levara a cabo.

62. O abonado poderá obter do concesionario calquera información relacionada coas lecturas, facturacións do contador, cobros, tarifas, aplicadas e, en xeral, sobre todo o relacionado co suministro que se xenerara nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente. O concesionario disporá dunha oficina de información ó público dentro do casco urbano da vila, a efectos de información e reclamacións.

63. O abonado terá dereito á devolución de ingresos indebidos del concesionario. A devolución destas cantidades deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ó calquier outra causa que provocara o erro. O concesionario

está obrigado a resolver calquer reclamación por este concepto no prazo máximo de quince días.

64. As reclamacións presentaranse polo abonado ou persoas que lle represente legalmente e expresarán de forma clara e concisa os conceptos polos que se reclama e os fundamentos da reclamación e se acompañarán á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquer outro documento que se estime pertinente.

X. INSPECCION E SANCION

65. Con independencia da actuación inspectora á que se refiere o artigo 60 do Regulamento de Verificacións Eléctricas, a actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflexará nun acta de inspección na que se reflexarán o nome e domicilio do abonado inspeccionado, día e hora da mesma e os feitos contrastado. Unha copia do acta, asinada polo inspector, entregárselle ó abonado.

66. Os inspectores ó efecto deberán invitar ó abonado, ó seu personal, familiar ou calquer outra persona que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine o acta, poidendo o abonado facer constar coa sua sinatura o que estime pertinente.

67. Oconcesionario, en posesión do Acta, formulará a liquidación do fraude, distinguíndose a efectos da devolución os seguintes casos:

- A) Caso de que non exista contrato algúm para o suministro de auga, formularase liquidación por fraude que incluirá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbera correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diárias de utilización e durante o prazo de alomenos un mes, ou ben o que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das citadas instalacións e o momento en que se subsanara a existencia do fraude detectado, sen que poida extenderse, en total, a mais dun período de facturación.
- B) Caso de que se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparato de medida, se tomará como base para a liquidación da cuantía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal computándose o tempo a considerar en oito horas diárias dende a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo sexa superior a un ano, descontándose os consumos que durante este período foran abonados polo autor do fraude.
- C) Caso de que se realizaran derivacións do caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida se liquidará como no caso A).
- D) Caso de utiliza-lo auga para usos distintos dos contratados, afectando á facturación dos con-

sumos, segundo a tarifa a aplicar, a liquidación da cuantía da auga utilizada de forma indebida se practicará a favor do concesionario, aplicando ó consumo a diferencia entre a tarifa correspondente ó uso real da auga e ás que se aplicaran en base ó uso contratado por un período non superior a un ano.

68. En tódolos casos, o importe do fraude deducido con arreglo ós preceptos establecidos nos párrafos anteriores, estará suxeto ós impostos que lle foran repercutibles, débendose consigna la cuantía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro definitivo no Boletín Oficial da provincia.

Gondomar, 26 de maio de 1997.—O Alcalde, ilexible.
6895



Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

E D I C T O

Por el presente y en virtud de lo acordado por el Ilmo. Sr. Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia número 5 de Pontevedra, en resolución del día de la fecha, recaída en autos de juicio de cognición nº 186/1996, seguidos a instancia de Cahispa Sociedad Anónima de Seguros Generales, representado por el Procurador D. Angel Cid García, contra Alejandro Daniel Otero Míguez, que tuvo su domicilio en Vigo, c/ Zamora, 88-3º D, actualmente en paradero desconocido, se emplaza a dicho demandado para que en el improrrogable plazo de nueve días comparezca en los autos, apercibiéndole que de no hacerlo así será declarado en rebeldía y le parará el perjuicio a que haya lugar en derecho.

Y para su publicación en el B.O. de la provincia y sirva de emplazamiento al indicado demandado, expido y firmo el presente en Pontevedra, a veintinueve de abril de mil novecientos noventa y siete.—La Secretaria, ilegible.
6841

* * *

E D I C T O

En virtud de providencia de hoy, dictada por el Ilmo. Sr. Magistrado-Juez de Primera Instancia del Juzgado número dos de los de Pontevedra, en el juicio ejecutivo seguidos con el número 49/92, a instancia del Procurador Sra. Torres, en nombre y representación de Caixa Galicia, contra Ofelia Soage Veloso y herederos de Juan Antonio Rodríguez Pérez,